

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 26 de abril de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación de postos que se ofertan e se convocan ao acto de elección de destino provisional os aspirantes seleccionados no proceso selectivo para o ingreso en diversas clases de persoal sanitario funcionario ao servizo da comunidade autónoma, incluídos no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

A base sétima da Resolución do 27 de xullo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* número 149, do 5 de agosto), establece que os/as aspirantes seleccionados/as definitivamente que viñesen ocupando postos de traballo adscritos á correspondente clase como persoal interino continuarán desempeñando o seu posto de traballo co carácter de destino provisional como funcionarios/as de carreira ata que se lles adxudique destino definitivo mediante o correspondente concurso de traslados, que se realizará con posterioridade.

O resto dos/das aspirantes seleccionados/as que non estean incluídos no número un desta base serán convocados pola Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde para que, nun único chamamento e acto, elixan obrigatoriamente destino provisional pola orde de puntuación acadada no concurso-oposición.

De conformidade coa indicada base, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Convocar as/os aspirantes seleccionadas/os incluídas/os no anexo I que non veñen ocupando postos de traballo adscritos á correspondente clase como persoal interino para que, nun único chamamento e acto, elixan obrigatoriamente destino provisional pola orde de puntuación final acadada no concurso-oposición.

Segundo. A relación de prazas que se ofertan a estes aspirantes inclúense no anexo II da presente resolución.

Terceiro. O acto de elección de destino terá lugar na sala 0.2-0.3 do Edificio Administrativo do Servizo Galego de Saúde, sito en San Lázaro s/n, Santiago de Compostela, o día 13 de maio de 2013, ás 12.30 horas.



Cuarto. O dito acto de elección someterase ás seguintes regras:

a) A solicitude que formulen as persoas aspirantes será vinculante e irrenunciable.

b) Deberán comparecer provistos do documento nacional de identidade ou outro documento que acredite, de modo fidedigno, a súa personalidade.

c) As/os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representadas/os por terceiras persoas provistas de poder notarial.

d) A/o aspirante seleccionada/o que non opte por un destino, no prazo e de acordo ao procedemento establecido, non poderá ser nomeada/o persoal sanitario funcionario de carreira da respectiva clase, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. En todo caso, non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non elección de destino.

Quinto. Esta resolución poderá ser impugnada polas/os interesadas/os nos termos previstos na base oitava da convocatoria.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2013

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO I

Farmacéutico inspector de Saúde Pública:

Nº de orde	Apelidos e nome
1	Bermejo Díaz de Rábago, María Asunción
2	Marquínez Ruiz de Arbulo, Julia
3	Ces Gens, José Eugenio
4	Grande Casas, Rosa M.
5	Maceiras Bidegain, Jaime

Inspector farmacéutico:

Nº de orde	Apelidos e nome
1	Rocha Blanco, María Begoña
2	Ces Gens, José Eugenio



Inspector médico:

Nº de orde	Apelidos e nome
1	Gómez Varela, Margarita
2	Rivas Costa, Gonzalo

ANEXO II

Farmacéutico inspector de Saúde Pública:

Nº de orde	Código do posto	Denominación do posto	Nivel	Gr	Corpo/escala	Centro de destino	Localidade
1	CSA992000315350011	Farmacéutico inspector de Saúde Pública	20	A1	1.2.11	Servizo de Inspección Farmacéutica de Saúde Pública Zona Ferrol	Ferrol
2	CSA992000327001005	Farmacéutico inspector de Saúde Pública	20	A1	1.2.11	Servizo de Inspección Farmacéutica de Saúde Pública Zona Lugo	Lugo
3	CSA992000327001007	Farmacéutico inspector de Saúde Pública	20	A1	1.2.11	Servizo de Inspección Farmacéutica de Saúde Pública Zona Lugo	Lugo
4	CSA992000336560007	Farmacéutico inspector de Saúde Pública	20	A1	1.2.11	Servizo de Inspección Farmacéutica de Saúde Pública Zonavigo	Vigo
5	CSA992000336560025	Farmacéutico inspector de Saúde Pública	20	A1	1.2.11	Servizo de Inspección Farmacéutica de Saúde Pública Zona Vigo	Vigo

Inspector farmacéutico:

Nº de orde	Código do posto	Denominación do posto	Nivel	Gr	Corpo/escala	Centro de destino	Localidade
1	CSA020000415770015	Inspector farmacéutico	26	A1	1.2.10./6	Sub. Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios	Santiago de Compostela
2	CSA991010127001018	Inspector farmacéutico	26	A1	1.2.10./6	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Lugo

Inspector médico:

Nº de orde	Código do posto	Denominación do posto	Nivel	Gr	Corpo/escala	Centro de destino	Localidade
1	CSA991010115001028	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	A Coruña
2	CSA991010127001012	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Lugo
3	CSA991010127001014	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Lugo
4	CSA991010132001011	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Ourense
5	CSA991010132001016	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Ourense



Nº de orde	Código do posto	Denominación do posto	Nivel	Gr	Corpo/escala	Centro de destino	Localidade
6	CSA991010136560020	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Vigo
7	CSA991010136560023	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Vigo
8	CSA991010136560027	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios	Vigo
9	CSA991010227300001	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Inspección Sanitaria	Monforte de Lemos
10	CSA991010236001005	Inspector médico	26	A1	1.2.9./5	Inspección Sanitaria	Pontevedra

